

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000025.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D^a. MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 15 de xuño de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 ABRIL, 6, 25 DE MAIO E AS EXTRAORDINARIAS E URXENTES DO 20 E 29 DE MAIO DE 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E OBRAS

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CAMBIO DE USO DE LOCAL COMERICAL (OFICINAS E ROCHOS) A VIVENDA NA RÚA NOVA, 64 (Expdte: 2025/Y001/000234).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ELEVADOR VERTICAL NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA MONTE FARO, 115 (Expte: 2026/Y001/000098).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL SITA EN CABANAS, SANTA COMBA (Expte: 2024/Y001/000214).

5. LICENZA PARA SEGREGACIÓN DE PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 27900A06600017000EK, EN SEIVANE, TIRIMOL (Expte: 2024/Y005/000007).

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE CENTRO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6409523542653834531.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2026

TRANSFORMACIÓN CT 13576 TOLDA (SPY23187B-S001-C/V5890), SITO NA AVENIDA DE MADRID (Expte: 2026/Y001/000038).

7. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA CON ANEXO PARA GARAXE NA LOUZANETA, 2 (Expte: 2024/Y001/000131).

8. LICENZA URBANÍSTICA PARA SEGREGACIÓN DE PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 27900A41300015, SITA NO LUGAR DE A ESTRADA, PARROQUIA DE BASCUAS (Expte: 2025/Y005/000017).

9. LICENZA URBANÍSTICA PARA CAMBIO DE USO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL EXISTENTE PARA O USO DE VIVENDA, SITA EN SANTA MARÍA ALTA (Expte: 2025/Y001/000084).

10. LICENCIA URBANÍSTICA PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN LUGAR DE VILAR, ADAI 2 (Expte: 2026/Y001/000089).

11. LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA CAMPOS NOVOS PARCELA 5.A.25, POLÍGONO ACEA DE OLGA (Expte: 2024/Y001/000343).

PLANEAMENTO

12. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DUNHA "ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) NOS BARRIOS DE A MILAGROSA E FEIJOO NA CIDADE DE LUGO" AO ABEIRO DO "REAL DECRETO 326/2026, DO 22 DE ABRIL, POLO QUE SE REGULA O PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2026-2030".

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

13. CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE OMBREIRO (LUGO). OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN 2026. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2026/C002/000009.

14. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO - MEDIANTE LOTES - DE GRAVAS E GRAVA MIÚDA PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE SABURRA (LOTE 2). EXP. REF. 2026/C004/000007. ADXUDICACIÓN.

15. CONTRATACION DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE SENDERISMO PARA A PROGRAMACIÓN DE XUVENTUDE. EXP. REF: 2025/C003/000001. CESIÓN DO CONTRATO.

FOMENTO

16. APROBA-LO TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO ADENDA MODIFICATIVA E DE PRÓRROGA AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ADIF, PARA O DESENVOLVEMENTO DA NOVA ÁREA DE TRANSPORTE INTERMODAL DO LUGO É Y SU ENTORNO URBANO, COFINANCIADA POR EL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6409523542653834531.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2026

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.